



SUBGRUPO A1-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

TEMA 2- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

1. De conformidade co disposto no artigo 53 da Lei 39/2015, os interesados nun procedemento administrativo teñen os seguintes dereitos (sinale a resposta incorrecta):
 - a) A identificar as autoridades e o persoal ao servizo das administracións públicas baixo cuxa responsabilidade se tramiten os procedementos.
 - b) A non presentar documentos orixinais salvo que, de maneira excepcional, a normativa reguladora aplicable estableza o contrario.
 - c) A formular alegacións, a utilizar os medios de defensa admitidos polo ordenamento xurídico e a achegar documentos en calquera fase do procedemento, que deberán ser tidos en conta polo órgano competente ao redactar a proposta de resolución.

2. De conformidade co previsto no artigo 57 da Lei 39/2015, o órgano administrativo que inicie ou tramite un procedemento, calquera que fose a forma da súa iniciación, poderá:
 - a) Dispoñer, de oficio ou a instancia de parte, a súa acumulación a outros cos que garde identidade substancial ou íntima conexión, aínda que non sexa o mesmo órgano quen deba tramitar e resolver o procedemento
 - b) Dispoñer, de oficio ou a instancia de parte, a súa acumulación a outros cos que garde identidade substancial ou íntima conexión, sempre que sexa o mesmo órgano quen deba tramitar e resolver o procedemento.
 - c) Dispoñer, unicamente de oficio, a súa acumulación a outros cos que garde identidade substancial ou íntima conexión, sempre que sexa o mesmo órgano quen deba tramitar e resolver o procedemento.

3. O artigo 62 da Lei 39/2015, ao falar do inicio do procedemento por denuncia, dispón que:
 - a) As denuncias poderán ser anónimas e deberán expresar o relato dos feitos que se poñen en coñecemento da Administración.
 - b) Cando os feitos denunciados puidesen constituír unha infracción administrativa, recollerán a tipificación da conduta e, cando sexa posible, a data da súa comisión.
 - c) As denuncias deberán expresar a identidade da persoa ou persoas que as presentan e o relato dos feitos que se poñen en coñecemento da Administración.

4. O acordo de iniciación nos procedementos de natureza sancionadora deberá conter, polo menos, e de acordo co artigo 64 da Lei 39/2015:
 - a) A identificación da persoa ou persoas denunciante.
 - b) As medidas de carácter provisional que se acordaron polo órgano competente para iniciar o procedemento sancionador, sen que se poida adoptar ningunha outra durante este de conformidade co artigo 56.
 - c) O órgano competente para a resolución do procedemento e a norma que lle atribúa tal competencia, e indicarse a posibilidade de que o presunto responsable poida recoñecer voluntariamente a súa responsabilidade.

5. Respecto ao comezo do procedemento a solicitude do interesado, o artigo 66 establece que as solicitudes que se formulen deberán conter (sinale a resposta incorrecta):
 - a) Nome e apelidos do interesado e, se é o caso, da persoa que o represente.
 - b) Fundamentos xurídicos da súa pretensión, data e sinatura.
 - c) Identificación do medio electrónico ou, na súa falta, lugar físico en que desexa que se practique a notificación.



SUBGRUPO A1-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

6. Respecto ás solicitudes de iniciación nos procedementos de responsabilidade patrimonial previstas no artigo 67 da Lei 39/2015 (sinala a resposta incorrecta):

- a) Os interesados só poderán solicitar o inicio dun procedemento de responsabilidade patrimonial cando non prescribise o seu dereito a reclamar.
- b) O dereito a reclamar prescribirá ao ano de que se produza o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo.
- c) Nos casos en que proceda recoñecer dereito a indemnización por anulación en vía administrativa ou contencioso-administrativa dun acto ou disposición de carácter xeral, o dereito a reclamar prescribirá ao ano de ditarse a resolución administrativa ou a sentenza firme.

7. O artigo 68 da Lei 39/2015, ao referirse á corrección e mellora da solicitude, establece que se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos que sinala o artigo 66 e, de ser o caso, os que sinala o artigo 67 ou outros esixidos pola lexislación específica aplicable:

- a) Requirirase o interesado para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos nun prazo de 15 días.
- b) Se o interesado non emenda a falta ou non achega os documentos preceptivos, terase por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21.
- c) Sempre que se trate de procedementos selectivos ou de concorrencia competitiva, o prazo previsto poderá ser ampliado prudencialmente, ata cinco días, a petición do interesado ou a iniciativa do órgano, cando a achega dos documentos requiridos presente dificultades especiais.

8. O artigo 69 da Lei 39/2015 dispón que, para os efectos desta lei, se entenderá por declaración responsable:

- a) O documento suscrito por un interesado no que este manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio e que dispón da documentación que así o acredita.
- b) O documento mediante o que os interesados poñen en coñecemento da Administración pública competente os seus datos identificativos ou calquera outro dato relevante para o inicio dunha actividade ou para o exercicio dun dereito.
- c) O documento suscrito por un interesado no que este se responsabiliza dos danos e perdas ocasionados como consecuencia do desenvolvemento dunha actividade.

9. De conformidade co artigo 70 da Lei 39/2015, enténdese por expediente administrativo:

- a) O conxunto ordenado de documentos que serven de antecedente e fundamento á instrución do procedemento, así como as dilixencias encamiñadas a executala.
- b) O conxunto ordenado de documentos e actuacións que serven de antecedente e fundamento á resolución administrativa, así como as dilixencias encamiñadas a executala.
- c) O conxunto ordenado de actuacións que serven de antecedente e fundamento á instrución do procedemento, así como as dilixencias encamiñadas a executala.



SUBGRUPO A1-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

10. O artigo 71 da Lei 39/2015 dispón, en relación co impulso, que:
- O procedemento, sometido ao principio de celeridade, impulsarase de oficio en todos os seus trámites e a través de medios electrónicos, e respectaranse os principios de transparencia e publicidade.
 - O procedemento, sometido ao principio de transparencia, impulsarase de oficio en todos os seus trámites e a través de medios electrónicos, e respectaranse os principios de concorrencia e publicidade.
 - O procedemento, sometido ao principio de eficacia, impulsarase a instancia de parte en todos os seus trámites e a través de medios electrónicos, e respectaranse os principios de transparencia e celeridade.
11. Ao referirse á concentración de trámites, o artigo 72 da Lei 39/2015 indica que de acordo co principio de simplificación administrativa:
- Acordaranse nun só acto todos os trámites que, pola súa natureza, admitan un impulso simultáneo e sexa obrigado o seu cumprimento sucesivo.
 - Acordaranse nun só acto todos os trámites que, pola súa natureza, admitan un impulso simultáneo e non sexa obrigado o seu cumprimento sucesivo.
 - Acordaranse nun só acto todos os trámites que, pola súa natureza, non admitan un impulso simultáneo e sexa obrigado o seu cumprimento sucesivo.
12. O artigo 73 da Lei 39/2015 dispón que, salvo no caso de que na norma correspondente se fixe un prazo distinto, os trámites que deban ser cubertos polos interesados deberán realizarse no prazo de:
- Quince días a partir do día da notificación do correspondente acto.
 - Dez días a partir do día da notificación do correspondente acto.
 - Dez días a partir do seguinte ao da notificación do correspondente acto.
13. Respecto das cuestións incidentais, o artigo 74 da Lei 39/2015 establece que:
- As cuestións incidentais que se susciten no procedemento, salvo as que se refiran á nulidade de actuacións, suspenderán a tramitación deste, salvo a recusación.
 - As cuestións incidentais que se susciten no procedemento, incluso as que se refiran á nulidade de actuacións, non suspenderán a tramitación deste, salvo a recusación.
 - As cuestións incidentais que se susciten no procedemento, incluso as que se refiran á anulabilidade de actuacións, suspenderán a tramitación deste, salvo a recusación.
14. De conformidade coa dicción do artigo 75 da Lei 39/2015:
- O órgano instructor adoptará as medidas necesarias para lograr o pleno respecto aos principios de contradición e de igualdade dos interesados no procedemento.
 - O órgano que resolva o procedemento adoptará as medidas necesarias para lograr o pleno respecto aos principios de contradición e de coordinación dos interesados no procedemento.
 - O órgano instructor adoptará as medidas necesarias para lograr o pleno respecto aos principios de eficacia e de participación dos interesados no procedemento.
15. O artigo 76 da Lei 39/2015 establece que os interesados poderán aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo:
- En todo momento.
 - En calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia.
 - En calquera momento do procedemento anterior ao trámite de información pública.



SUBGRUPO A1-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

16. De conformidade co artigo 76 da Lei 39/2015, os interesados poderán alegar os defectos de tramitación e, en especial, os que supoñan paralización, infracción dos prazos preceptivamente sinalados ou a omisión de trámites que poden ser emendados antes da resolución definitiva do asunto:

- a) En todo momento.
- b) En calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia.
- c) En calquera momento do procedemento anterior ao trámite de información pública.

17. O artigo 77 da Lei 39/2015, ao referirse á proba, dispón que:

- a) Cando o considere necesario, o instrutor, a petición dos interesados, poderá decidir a apertura dun período de proba por un prazo non superior a quince días.
- b) Cando o considere necesario, o instrutor, a petición dos interesados, poderá decidir a apertura dun período extraordinario de proba por un prazo non inferior a dez días.
- c) Cando o considere necesario, o instrutor, a petición dos interesados, poderá decidir a apertura dun período extraordinario de proba por un prazo non superior a dez días.

18. De conformidade co previsto no artigo 77 da Lei 39/2015, o instrutor do procedemento:

- a) Poderá rexeitar libremente as probas que considere innecesarias, mediante resolución motivada.
- b) Só poderá rexeitar as probas propostas polos interesados cando sexan manifestamente improcedentes ou innecesarias, mediante resolución motivada.
- c) Non poderá rexeitar ningunha das probas propostas polos interesados.

19. O artigo 78 da Lei 39/2015 regula a práctica da proba e dispón que a Administración lles comunicará aos interesados o inicio das actuacións necesarias para a realización das probas que fosen admitidas:

- a) Con 48 horas de antelación.
- b) Cun mínimo de 3 días de antelación.
- c) Con antelación suficiente.

20. De conformidade co artigo 80 da Lei 39/2015, salvo disposición expresa en contrario, os informes serán:

- a) Preceptivos e vinculantes.
- b) Facultativos e vinculantes.
- c) Facultativos e non vinculantes.

21. O artigo 80 da Lei 39/2015 indica que, de non emitirse o informe no prazo sinalado, e sen prexuízo da responsabilidade en que incorra o responsable da demora:

- a) Suspenderase o prazo máximo legal para resolver o procedemento ata que se emita o informe.
- b) Poderanse proseguir as actuacións, salvo cando se trate dun informe preceptivo e, nese caso, poderase suspender o transcurso do prazo máximo legal para resolver o procedemento.
- c) Poderase continuar co procedemento e non se terá en conta o informe emitido fóra de prazo.



SUBGRUPO A1-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

22. O artigo 80 da Lei 39/2015 dispón que os informes serán emitidos a través de medios electrónicos e, salvo que unha disposición ou o cumprimento do resto dos prazos do procedemento permita ou esixa outro prazo maior ou menor, no prazo de:

- a) Dez días.
- b) Quince días.
- c) Vinte días.

23. No caso dos procedementos de responsabilidade patrimonial, o artigo 81 establece que:

- a) Será facultativo solicitar informe ao servizo cuxo funcionamento ocasionase a presunta lesión indemnizable, e non poderá exceder de dez días o prazo da súa emisión.
- b) Será preceptivo solicitar informe ao servizo cuxo funcionamento ocasionase a presunta lesión indemnizable, e non poderá exceder de dez días o prazo da súa emisión.
- c) Será preceptivo solicitar informe ao servizo cuxo funcionamento ocasionase a presunta lesión indemnizable, e non poderá exceder de quince días o prazo da súa emisión.

24. O ditame do Consello de Estado ou, se é o caso, do órgano consultivo da comunidade autónoma previsto no artigo 81 da Lei 39/2015, respecto dos procedementos de responsabilidade patrimonial:

- a) Emitirase no prazo de tres meses e deberá pronunciarse sobre a existencia ou non de relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e a lesión producida.
- b) Emitirase no prazo de dous meses e deberá pronunciarse sobre a existencia ou non de relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e a lesión producida, pero non poderá versar sobre a contía e modo da indemnización.
- c) Emitirase no prazo de dous meses e deberá pronunciarse sobre a existencia ou non de relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e a lesión producida e, se é o caso, sobre a valoración do dano causado e a contía e modo da indemnización.

25. O artigo 81 da Lei 39/2015 determina que, en relación coa solicitude de ditame do Consello de Estado ou, se é o caso, do órgano consultivo da comunidade autónoma:

- a) Será preceptivo cando as indemnizacións reclamadas sexan de contía igual ou superior a 50.000 euros.
- b) Será facultativo cando as indemnizacións reclamadas sexan de contía igual ou superior a 50.000 euros.
- c) Será preceptivo cando as indemnizacións reclamadas sexan de contía igual ou superior a 20.000 euros.

26. O artigo 82 da Lei 39/2015 prevé que o trámite de audiencia se realizará:

- a) Inmediatamente despois do acordo de iniciación do procedemento.
- b) Unha vez instruídos os procedementos e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución.
- c) Unha vez instruídos os procedementos e inmediatamente antes da información pública.



SUBGRUPO A1-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

27. De conformidade co artigo 82 da Lei 39/2015, e polo que se refire ao trámite de audiencia:
- a) Se antes do vencemento do prazo os interesados manifestan a súa decisión de non efectuar alegacións nin achegar novos documentos ou xustificacións, poderase prescindir do trámite de audiencia.
 - b) Terase por realizado o trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado.
 - c) Os interesados, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, poderán alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.
28. O artigo 83 da Lei 39/2015 dispón que, cando a natureza do procedemento o requira, poderá acordar un período de información pública:
- a) O órgano ao que corresponda iniciar o procedemento.
 - b) O órgano ao que corresponda a resolución do procedemento.
 - c) O órgano ao que corresponda a instrución do procedemento.
29. De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, poñerán fin ao procedemento (sinale a resposta correcta):
- a) A renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia estea prohibida polo ordenamento xurídico.
 - b) A desistencia.
 - c) A declaración de prescrición.
30. O artigo 84 da Lei 39/2015 determina que a imposibilidade material de continuar o procedemento por causas sobrevindas:
- a) Producirá a terminación do procedemento. A resolución que se dite non necesitará ser motivada.
 - b) Non producirá a terminación do procedemento, pero ditarase resolución que deberá ser motivada en todo caso.
 - c) Producirá a terminación do procedemento. A resolución que se dite deberá ser motivada en todo caso.
31. O artigo 85 da Lei 39/2015 establece, respecto á terminación nos procedementos sancionadores:
- a) Unha vez iniciado un procedemento sancionador, aínda que o infractor non recoñeza a súa responsabilidade, poderase resolver nese momento o procedemento coa imposición da sanción que proceda.
 - b) Unha vez iniciado un procedemento sancionador, se o infractor recoñece a súa responsabilidade, poderase resolver o procedemento coa imposición da sanción que proceda.
 - c) Unha vez iniciado un procedemento sancionador, en ningún caso se poderá resolver o procedemento coa imposición dunha sanción.
32. En relación coa terminación convencional, o artigo 86 da Lei 39/2015 establece que os acordos, pactos, convenios ou contratos que celebren as administracións públicas deberán establecer como contido mínimo (sinale a resposta incorrecta):
- a) O ámbito persoal, funcional e territorial.
 - b) O prazo de vixencia.
 - c) As causas da súa resolución.



SUBGRUPO A1-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

33. O acordo de realización de actuacións complementarias previsto no artigo 87 da Lei 39/2015 notificaráselles aos interesados e concederáselles, tras a finalización destas, un prazo para formular as alegacións que teñan por pertinentes de:

- a) Cinco días.
- b) Sete días.
- c) Dez días.

34. En relación co contido da resolución, o artigo 88 da Lei 39/2015 establece que:

- a) Nos procedementos tramitados a solicitude do interesado, a resolución será congruente coas peticións formuladas por este, e poderase agravar a súa situación inicial.
- b) A Administración poderá absterse de resolver baixo pretexto de silencio, escuridade ou insuficiencia dos preceptos legais aplicables ao caso.
- c) A aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.

35. Respecto á proposta de resolución nos procedementos de carácter sancionador prevista no artigo 89 da Lei 39/2015, o órgano instrutor resolverá a finalización do procedemento, co arquivo das actuacións, sen que sexa necesaria a formulación da proposta de resolución, cando na instrución do procedemento se poña de manifesto que concorre algunha das seguintes circunstancias (sinale a resposta incorrecta):

- a) A inexistencia dos feitos que puidesen constituír a infracción.
- b) Cando os feitos resulten acreditados.
- c) Cando os feitos probados non constitúan, de modo manifesto, infracción administrativa.

36. Respecto ás especialidades de resolución nos procedementos sancionadores que regula o artigo 90 da Lei 39/2015:

- a) Na resolución poderanse aceptar feitos distintos dos determinados no curso do procedemento, con independencia da súa diferente valoración xurídica.
- b) A resolución que poña fin ao procedemento será executiva cando non caiba contra ela ningún recurso ordinario en vía administrativa.
- c) Na resolución que poña fin ao procedemento non se poderán adoptar as disposicións cautelares precisas para garantir a súa eficacia en tanto non sexa executiva.

37. O artigo 91 da Lei 39/2015, ao referirse ás especialidades da resolución nos procedementos en materia de responsabilidade patrimonial, determina que:

- a) Unha vez transcorridos seis meses desde que se iniciou o procedemento sen se ditar e notificar resolución expresa ou, se for o caso, sen se formalizar o acordo, poderá entenderse que a resolución é contraria á indemnización do particular.
- b) Unha vez transcorridos seis meses desde que se iniciou o procedemento sen se ditar e notificar resolución expresa ou, se for o caso, formalizado o acordo, poderá entenderse que a resolución é favorable á indemnización do particular.
- c) Unha vez transcorridos tres meses desde que se iniciou o procedemento sen se ditar e notificar resolución expresa ou, se for o caso, sen se formalizar o acordo, poderá entenderse que a resolución é contraria á indemnización do particular.



SUBGRUPO A1-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

38. De acordo co artigo 93 da Lei 39/2015, a Administración poderá desistir:
- Nos procedementos iniciados de oficio, sen necesidade de motivar, nos supostos e cos requisitos previstos nas leis.
 - Nos procedementos iniciados a instancia de parte, sen necesidade de motivar, nos supostos e cos requisitos previstos nas leis.
 - Nos procedementos iniciados de oficio, motivadamente, nos supostos e cos requisitos previstos nas leis.
39. O artigo 94 da Lei 39/2015 determina que:
- Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando iso non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.
 - Todo interesado poderá renunciar á súa solicitude ou, cando iso estea prohibido polo ordenamento xurídico, desistir dos seus dereitos.
 - Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou renunciar aos seus dereitos sen limitacións.
40. De conformidade co artigo 95 da Lei 39/2015, nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, cando se produza a súa paralización por causa imputable a el, a Administración advertirao de que se producirá a caducidade do procedemento unha vez transcorridos:
- Dous meses.
 - Tres meses.
 - Seis meses.
41. O artigo 96 da Lei 39/2015 indica que as administracións públicas poderán acordar a tramitación simplificada do procedemento:
- De oficio, cando a falta de complexidade do procedemento así o aconselle.
 - A solicitude do interesado, cando razóns de interese público así o aconsellen.
 - De oficio ou a solicitude do interesado, cando razóns de interese público ou a falta de complexidade do procedemento así o aconsellen.
42. De conformidade co artigo 96 da Lei 39/2015, os procedementos administrativos tramitados de maneira simplificada constarán unicamente dos seguintes trámites:
- Inicio do procedemento de oficio ou a solicitude do interesado.
 - Alegacións formuladas ao comezo do procedemento durante o prazo de tres días.
 - Trámite de audiencia, unicamente cando a resolución vaia ser favorable para o interesado.
43. O artigo 96 da Lei 39/2015 establece que, unha vez acordada a tramitación simplificada do procedemento:
- Non será posible volver á tramitación ordinaria do procedemento.
 - En calquera momento do procedemento anterior á súa resolución, o órgano competente para a súa tramitación poderá acordar continuar conforme á tramitación ordinaria.
 - En calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, o órgano competente para a súa tramitación poderá acordar continuar conforme á tramitación ordinaria.

SUBGRUPO A1-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

44. De conformidade co artigo 98 da Lei 39/2015, os actos das administracións públicas suxeitos ao dereito administrativo serán inmediatamente executivos, salvo que:

- a) Se produza a suspensión da execución do acto.
- b) Se trate dunha resolución dun procedemento de responsabilidade patrimonial contra a que caiba algún recurso en vía administrativa, incluído o potestativo de reposición.
- c) Se trate dunha resolución dun procedemento de natureza sancionadora contra a que caiba algún recurso en vía administrativa, excluído o potestativo de reposición.

45. A execución forzosa polas administracións públicas efectuarase, de conformidade co previsto no artigo 100 da Lei 39/2015, respectando sempre o principio de proporcionalidade, polos seguintes medios:

- a) Constrinximento sobre o patrimonio.
- b) Execución coercitiva.
- c) Multa subsidiaria.

46. O artigo 100 da Lei 39/2015 establece que, se fosen varios os medios de execución admisibles, se elixirá:

- a) O que decida o afectado.
- b) O que decida o órgano administrativo competente.
- c) O menos restritivo da liberdade individual.

47. O artigo 101 da Lei 39/2015 prevé que se seguirá o procedemento previsto nas normas reguladoras do procedemento de constrinximento:

- a) Cando se trate de actos que, por non ser persoalísimos, poidan ser realizados por suxeito distinto do obrigado.
- b) Se en virtude de acto administrativo se tivese que satisfacer unha cantidade líquida.
- c) Actos en que, malia que procedese a compulsión, a Administración non a estimase conveniente.

48. Cando así o autoricen as leis, e na forma e contía que estas determinen, as administracións públicas poden, para a execución de determinados actos, impoñer multas coercitivas, reiteradas por lapsos de tempo que sexan suficientes para cumprir o ordenado, nos seguintes supostos recollidos no artigo 103 da Lei 39/2015:

- a) Actos non persoalísimos en que non proceda a compulsión directa sobre a persoa do obrigado.
- b) Actos en que, malia que proceda a compulsión, a Administración non a estimase conveniente.
- c) Actos cuxa execución non poida o obrigado encargar a outra persoa.

49. O artigo 104 da Lei 39/2015 establece que un acto administrativo poderá ser executado por compulsión directa sobre as persoas:

- a) Nos casos en que unha norma legal ou regulamentaria expresamente o autorice.
- b) Dentro sempre do respecto debido á súa dignidade.
- c) Dentro sempre do respecto debido aos dereitos recoñecidos no Estatuto de autonomía.

SUBGRUPO A1-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

50. O artigo 106 da Lei 39/2015 dispón que as administracións públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou a solicitude de interesado, nos supostos previstos no artigo 47.1:

- a) Declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxesen fin á vía administrativa ou que non fosen recorridos en prazo, tras o ditame favorable do Consello de Estado ou do órgano consultivo equivalente da comunidade autónoma, se o houberse.
- b) Declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que non puxesen fin á vía administrativa ou que non fosen recorridos en prazo, tras o ditame favorable do Consello de Estado ou do órgano consultivo equivalente da comunidade autónoma, se o houberse.
- c) Declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que non puxesen fin á vía administrativa e que fosen recorridos en prazo, tras o ditame favorable do Consello de Estado ou do órgano consultivo equivalente da comunidade autónoma, se o houberse.

51. O órgano competente para a revisión de oficio, de conformidade co previsto no artigo 106 da Lei 39/2015, poderá acordar motivadamente a inadmisión a trámite das solicitudes formuladas polos interesados:

- a) Cando estas non se baseen nalgunha das causas de nulidade do artigo 47.1.
- b) Cando se trate de solicitudes fundamentadas, tras o ditame do Consello de Estado ou do órgano consultivo da comunidade autónoma.
- c) No caso de que se estimasen en canto ao fondo outras solicitudes substancialmente iguais.

52. O artigo 106 da Lei 39/2015, respecto á revisión de disposicións e actos nulos, dispón que:

- a) Cando o procedemento se iniciase a solicitude de interesado, o transcurso do prazo de seis meses desde o seu inicio sen ditarse resolución, producirá a caducidade deste.
- b) Cando o procedemento se iniciase de oficio, se transcorre o prazo de seis meses desde o seu inicio sen ditarse resolución, esta poderase entender desestimada por silencio administrativo.
- c) Cando o procedemento se iniciase a solicitude de interesado, se transcorre o prazo de seis meses desde o seu inicio sen ditarse resolución, poderase entender desestimada por silencio administrativo.

53. De conformidade co artigo 107 da Lei 39/2015, a declaración de lesividade non poderá adoptarse unha vez transcorridos:

- a) Tres anos desde que se ditou o acto administrativo, e esixirá a audiencia previa de cantos aparezan como interesados neste.
- b) Catro anos desde que se ditou o acto administrativo, e esixirá a audiencia previa de cantos aparezan como interesados neste.
- c) Dous anos desde que se ditou o acto administrativo, aínda que non esixirá audiencia previa de cantos aparezan como interesados neste.

54. En relación coa revogación de actos e coa rectificación de erros, o artigo 109 da Lei 39/2015 dispón (sinale a resposta incorrecta):

- a) As administracións públicas poderán revogar, mentres non transcorrese o prazo de caducidade, os seus actos de gravame ou desfavorables.
- b) A revogación será posible sempre que non constituía dispensa ou exención non permitida polas leis, nin sexa contraria ao principio de igualdade, ao interese público ou ao ordenamento xurídico.
- c) As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.



SUBGRUPO A1-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

55. O artigo 109 da Lei 39/2015 dispón que as administracións públicas poderán rectificar os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos:

- a) Mentres non transcorrese o prazo de prescrición.
- b) Mentres non transcorrese o prazo de prescrición, de oficio ou a instancia dos interesados.
- c) En calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados.

56. Ao referirse aos seus límites, o artigo 110 da Lei 39/2015 dispón que as facultades de revisión establecidas neste capítulo non poderán ser exercidas cando, por prescrición de accións, polo tempo transcorrido ou por outras circunstancias (sinale a resposta incorrecta):

- a) O seu exercicio resulte contrario á equidade e á boa fe.
- b) O seu exercicio constituía dispensa ou exención non permitida polas leis.
- c) O seu exercicio resulte contrario ao dereito dos particulares ou ás leis.

57. O artigo 112 da Lei 39/2015 dispón que, contra as resolucións e actos de trámite cualificados, os interesados poderán interpoñer, fundados en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48:

- a) Os recursos dealzada e potestativo de reposición.
- b) Os recursos de alzada e extraordinario de reposición.
- c) Os recursos de alzada e potestativo de revisión.

58. Os actos de trámite contra os que poderán interpoñerse os recursos previstos no artigo 112 da Lei 39/2015 son os que:

- a) Deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto.
- b) Determinan a posibilidade de continuar o procedemento.
- c) Producen indefensión ou prexuízo reparable a dereitos e intereses lexítimos.

59. Sinale a resposta correcta, de acordo co previsto no artigo 112 da Lei 39/2015:

- a) Os recursos contra un acto administrativo que se funden unicamente na nulidade dalgunha disposición administrativa de carácter xeral non poderán interpoñerse directamente ante o órgano que ditou a devandita disposición.
- b) Contra as disposicións administrativas de carácter xeral non caberá recurso en vía administrativa.
- c) As reclamacións económico-administrativas axustaranse aos procedementos establecidos nesta lei.

60. De acordo co artigo 114 da Lei 39/2015, poñen fin á vía administrativa (sinale a resposta incorrecta):

- a) A resolución administrativa dos procedementos de responsabilidade patrimonial, calquera que sexa o tipo de relación, pública ou privada, de que derive.
- b) As resolucións dos órganos administrativos que carezan de superior xerárquico, salvo que unha lei estableza o contrario.
- c) Os acordos, pactos, convenios ou contratos que non teñan a consideración de finalizadores do procedemento.





SUBGRUPO A1-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

61. De acordo co artigo 115 da Lei 39/2015, respecto á interposición do recurso:
- Deberá expresar o órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe e o seu correspondente código de identificación.
 - O erro ou a ausencia da cualificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que non se deduza o seu verdadeiro carácter.
 - Os vicios e defectos que fagan nulo un acto poderán ser alegados por quen os causasen.
62. De conformidade co artigo 116 da Lei 39/2015, serán causas de inadmisión do recurso as seguintes (sinale a resposta incorrecta):
- Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencese á mesma Administración pública.
 - Carecer de lexitimación o recorrente.
 - Tratarse dun acto non susceptible de recurso ou ter transcorrido o prazo para a súa interposición.
63. O artigo 117 da Lei 39/2015 dispón que a interposición de calquera recurso:
- Suspenderá a execución do acto impugnado en todo caso.
 - Excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado.
 - Excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, suspenderá a execución do acto impugnado.
64. De conformidade co artigo 117, a execución do acto impugnado entenderase suspendida se desde que a solicitude de suspensión tivese entrada no rexistro electrónico da Administración ou organismo competente para decidir sobre esta:
- O órgano a quen competa resolver o recurso non ditou nin notificou resolución expresa ao respecto no prazo de dous meses.
 - O órgano a quen competa resolver o recurso non ditou resolución expresa respecto diso no prazo de tres meses.
 - O órgano a quen competa resolver o recurso non ditou nin notificou resolución expresa ao respecto no prazo dun mes.
65. O artigo 118 da Lei 39/2015 dispón que, cando se deban ter en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario, se poñerán de manifesto aos interesados para que:
- Nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, formulen as alegacións e presenten os documentos e xustificantes que estimen procedentes.
 - Nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, interpoñan os recursos que estimen procedentes.
 - Nun prazo non superior a dez días, formulen as alegacións e presenten os documentos e xustificantes que estimen procedentes.
66. De conformidade co artigo 118 da Lei 39/2015 (sinale a resposta incorrecta):
- Non se terán en conta na resolución dos recursos, feitos, documentos ou alegacións do recorrente, cando ao poder achegalos no trámite de alegacións non o fixera.
 - Non poderá solicitarse a práctica de probas cando a súa falta de realización no procedemento no que se ditou a resolución recorrida fose imputable ao interesado.
 - O recurso, os informes e as propostas teñen o carácter de documentos novos para os efectos deste artigo.





SUBGRUPO A1-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

67. Ao regular a resolución, o artigo 119 da Lei 39/2015 dispón que:

- a) O órgano que resolva o recurso decidirá cantas cuestións, tanto de forma coma de fondo, expoña o procedemento, sempre que fosen alegadas polos interesados.
- b) Cando exista vicio de forma e non se estime procedente resolver sobre o fondo ordenarase a retroacción do procedemento ao momento no que o vicio foi cometido.
- c) A resolución será congruente coas peticións formuladas polo recorrente, sen prexuízo de que poida agravarse a súa situación inicial.

68. Respecto á pluralidade de recursos administrativos que regula o artigo 120 da Lei 39/2015 (sinale a resposta incorrecta):

- a) A interposición do correspondente recurso por un interesado non afectará os restantes procedementos de recurso que se atopen suspendidos por traer causa do mesmo acto administrativo.
- b) O acordo de suspensión deberá ser notificado aos interesados, que non poderán recorrela.
- c) Unha vez recaído o pronunciamento xudicial, será comunicado aos interesados e o órgano administrativo competente para resolver poderá ditar resolución sen necesidade de realizar ningún trámite adicional, salvo o de audiencia, cando proceda.

69. De acordo co artigo 121 da Lei 39/2015, se o recurso de alzada se interpuxo ante o órgano que ditou o acto impugnado, este deberá remitirlllo ao competente co seu informe e cunha copia completa e ordenada do expediente no prazo de:

- a) Cinco días.
- b) Dez días.
- c) Quince días.

70. En relación cos prazos do recurso de alzada, o artigo 122 da Lei 39/2015 prevé (sinale a resposta incorrecta):

- a) Unha vez transcorrido o prazo para a interposición do recurso de alzada sen interpoñerse o recurso, a resolución será definitiva para todos os efectos.
- b) Se o acto non fose expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de alzada en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo.
- c) O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de tres meses.

71. De conformidade co artigo 123 da Lei 39/2015:

- a) Os actos administrativos que non poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición.
- b) O recurso potestativo de reposición interpoñeráse ante o superior xerárquico do órgano que ditase os actos ou estes poderán ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo.
- c) Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou ata que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.





SUBGRUPO A1-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

72. Respecto da iniciativa legislativa e da potestade para ditar normas con rango de lei, regulada no artigo 127 da Lei 39/2015:

- a) As Cortes Xerais exercerán a iniciativa legislativa prevista na Constitución mediante a elaboración e a aprobación dos anteproxectos de lei e a ulterior remisión dos proxectos de lei ao Goberno da nación.
- b) O Goberno da nación exercerá a iniciativa legislativa prevista na Constitución mediante a elaboración e a aprobación dos proxectos de lei e a ulterior remisión dos reais decretos lei ás Cortes Xerais.
- c) O Goberno da nación exercerá a iniciativa legislativa prevista na Constitución mediante a elaboración e a aprobación dos anteproxectos de lei e a ulterior remisión dos proxectos de lei ás Cortes Xerais.

73. O artigo 128 da Lei 39/2015 dispón que os regulamentos e disposicións administrativas, sen prexuízo da súa función de desenvolvemento ou colaboración con respecto á lei (sinale a resposta incorrecta):

- a) Non poderán tipificar delitos ou faltas.
- b) Poderán tipificar infraccións administrativas.
- c) Non poderán establecer tributos, exaccións parafiscais ou outras cargas ou prestacións persoais ou patrimoniais de carácter público.

74. Segundo o establecido no artigo 128 da Lei 39/2015:

- a) Ningunha disposición administrativa poderá vulnerar os preceptos doutra de rango superior.
- b) Calquera disposición administrativa poderá vulnerar os preceptos doutra de rango superior.
- c) Unha disposición administrativa poderá vulnerar os preceptos doutra de rango superior previa autorización dunha asemblea legislativa.

75. O artigo 131 da Lei 39/2015, ao referirse á publicidade das normas, establece que:

- a) As normas con rango de lei, os regulamentos e as disposicións administrativas poderanse publicar no diario oficial correspondente tras a súa entrada en vigor para que produzan efectos xurídicos.
- b) As normas con rango de lei, os regulamentos e as disposicións administrativas deberanse publicar no diario oficial correspondente para que entren en vigor e produzan efectos xurídicos.
- c) Adicionalmente, e de maneira preceptiva, as administracións públicas establecerán outros medios de publicidade complementarios.

